

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 31/01/2020 12:41:43

SAIDA 1429/20

[REDACTED]

Reclamante [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 140/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 2 de outubro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 2 de outubro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso á información ante a Dirección Xeral da Función Pública, referente ás datas de convocatoria do concurso específico para as xefaturas de servizo.

A reclamante solicitou que se lle informara da data previsible de convocatoria do concurso específico para as xefaturas de servizo, que lle esta a ocasionar prexuízos á súa carreira administrativa ao non poder consolidar un grao superior ao que posúe.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada á Dirección Xeral de Función Pública e copia do seu DNI.

Segundo. A Comisión da Transparencia de Galicia en sesión celebrada o 26 de novembro de 2019, acordou que pola Secretaría da Comisión se solicitase informe á Consellería de Facenda.

Con data do 28 de novembro de 2019 solicitouse o referido informe, que foi recibido pola Consellería don data do 5 de decembro.

Terceiro.- Con data do 16 de xaneiro de 2020, a Dirección Xeral de Función Pública remite informe no que manifesta que o concurso específico como sistema ordinario de provisión de aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo foi regulado pola Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia, que necesita ser obxecto de desenvolvemento regulamentario. Nestes momentos se está a tramitar un novo Decreto de provisión de postos, promoción profesional e promoción interna, pendente de informe de Asesoría Xurídica e unha vez entre en vigor o Decreto, empezaran a considerarse os concursos específicos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

A normativa en materia de Transparencia, recoñece o dereito dos cidadáns de solicitar contidos ou documentos existentes, pero non pode entenderse comprendido dentro do concepto de información pública, coñecer en que data unha Administración vai a poñer en marcha unha convocatoria de provisión de postos de traballo. A información solicitada, refírese a unha actuación de futuro, é dicir, non forma parte dos documentos ou contidos con información que obran en poder da Administración no momento da súa solicitude, xa que se trata dunha actuación que aínda non tivo lugar, sen que o dereito de acceso permita acceder a meras previsións futuras e que aínda non foron concretadas.

A “data prevista na que se vai a convocar concurso específico para xefaturas de servizo”, non está fixada, e depende, como establece a Dirección Xeral de Función Pública no seu informe, da aprobación do desenvolvemento regulamentario que nestes momentos se está a tramitar. En consecuencia, procede a desestimación da reclamación presentada, por canto a información solicitada pola reclamante refírese ao acceso a unha previsión normativa que aínda está sen concretar.

A Dirección Xeral de Función Pública non resolveu a solicitude de acceso á información do interesado, polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaçión de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 2 de outubro de 2019, contra a desestimación por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso á información ante a Dirección Xeral da Función Pública, referente ás datas de convocatoria do concurso específico para as xefaturas de servizo.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

76706870F MARIA

DOLORES FERNANDEZ

(R: S6500009C)

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES

FERNANDEZ (R: S6500009C)

Fecha: 2020.01.30 17:16:04
+01'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.